



MEMORIA-INFORME PARA TRAMITAR UN CONVENIO ENTRE A MUTUALIDAD GENERAL JUDICIAL E O INSTITUTO DE ESTADÍSTICA PARA A CESIÓN DE INFORMACIÓN DE AFILIACIÓN DE MUTUALISTAS CON FINS EXCLUSIVAMENTE ESTADÍSTICOS

Expt: 2025/ NG1

ANTECEDENTES E RAZÓNS DE OPORTUNIDADE

A Mutualidad General Judicial (MUGEJU) e o Instituto Galego de Estatística (IGE), no marco de colaboración mutua que debe presidir as relacións entre administracións públicas, consideran oportuno establecer e manter un sistema que regule o intercambio de información con fins exclusivamente estatísticos.

En concreto, o IGE, para elaborar as estatísticas que se lle encomendan no Plan Galego de Estatística 2022-2026, aprobado por Lei 16/2021, do 20 de decembro, precisa dispor da información relativa ás persoas afiliadas a MUGEJU residentes en Galicia, coa finalidade de elaborar estatísticas a partir da súa explotación, garantindo o cumprimento das normativas sobre protección de datos persoais e segredo estatístico.

Polo exposto, parece conveniente subscribir un convenio entre ambas entidades.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

- Que, dentro da Secretaría Xeral do IGE, o Servizo Técnico Xurídico e de Contratación, segundo o Decreto 60/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o Estatuto do IGE, asume o impulso e a tramitación administrativa do expediente.
- Que se debe solicitar á Asesoría Xurídica da Consellería de Facenda e Administración Pública un informe previo sobre o proxecto deste convenio, proxecto que, por parte de MUGEJU, xa recibiu o visto bo da Avogacía do Estado e superou os informes preceptivos que establece Lei 40/2015.
- Que, ao se tratar dun convenio sen achega ou obriga económica algunha, non se considera necesaria a súa fiscalización pola Intervención xeral ou delegada.
- Que é aplicable o establecido nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime xurídico do sector público, que conforman o capítulo VI “Dos convenios” dentro do título preliminar.
- Que tamén é aplicable o establecido no artigo 5 do Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios que celebre a Xunta de Galicia, organismos autónomos e entes de dereito público dependentes dela, con outras administracións ou entes de dereito público ou privado, polo que se remitirá copia compulsada do texto do convenio.

Santiago de Compostela, a data da sinatura dixital

A xefa do Servizo Técnico Xurídico e de Contratación
Mónica Martínez Otero

A Secretaria Xeral
Rosa Elvira Fernández González

